

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

DO DÍA 13 DE XULLO DE 2007

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás trece horas do día trece de xullo de dous mil sete, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese a Corporación municipal en Pleno, co fin de realizar a sesión extraordinaria convocada para o efecto.

Asisten os señores concelleiros don Francisco Javier Varela Tejedor, don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, don José Venancio Salcines Cristal e dona María Beatriz Ramos Padín, do PS de G-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, do EU-IU; e don Manuel Marante Gómez, do PG.

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia como secretaria da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, antes de comezar cos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, concelleiro do BNG, formula protesta porque non se teña fixado o horario deste pleno previamente cos voceiros. Considera que, ante a expectación a nivel social que xerou este pleno, tería sido máis conveniente que o pleno tivese lugar a outra hora para facilitar aos veciños e veciñas de Cambre a súa asistencia.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, maniféstase no mesmo sentido.

A continuación, tratáronse os asuntos incluídos na orde do día.

1º.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión de constitución da Corporación.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión de constitución da Corporación do día 16 de xuño de 2007.

Non se formulan alegacións polo que, a Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

2º.- Coñecemento dos escritos de constitución dos grupos políticos, dos seus integrantes e nomeamento dos voceiros.

De conformidade co establecido nos artigos 74 e seguintes da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia, artigo 73.3 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e artigos 4 e seguintes do Regulamento orgánico municipal, de orde do señor alcalde dase lectura pola secretaria da Corporación aos escritos que de seguido se relacionan:

- dos concelleiros do partido político do BNG, de data 18 de xuño, rexistrado de entrada ao número 6881 o día 19, no que se constitúen como grupo municipal do BNG. Nomean como voceiro a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, como suplente a dona Gumersinda Becerra Montes, e sucesivamente ao resto dos candidatos.

- dos concelleiros do PS de G- PSOE, de data 19 de xuño, rexistrado de entrada ao número 7041 o día 20, no que se constitúen como grupo municipal do PS de G-PSOE. Nomean como voceiro a don Francisco Javier Varela Tejedor, e como suplente a don José Venancio Salcines Cristal.

- dos concelleiros de EU-IU, de data 21 de xuño, rexistrado de entrada ao número 7115 o día 21, no que se constitúen como grupo municipal de EU-IU. Nomean como voceiro a don Luis Miguel Taibo Casás, e como suplente a don Juan Antonio Fernández López.

- do concelleiro do PG, de data 22 de xuño, rexistrado de entrada ao número 7181 o día 22, comunicando a súa integración no grupo mixto a través do seu voceiro e representante don Manuel Marante Gómez.

- dos concelleiros do PP, de data 21 de xuño, rexistrado de entrada ao número 7182 o día 22, no que se constitúen como grupo municipal do PP. Nomean como voceiro a don José Antonio Baamonde López, como suplente a don Nicolás José Cubeiro Martínez, e sucesivamente ao resto dos candidatos.

Os señores concelleiros danse por informados, e os grupos políticos quedan constituídos para os efectos da súa actuación corporativa.

3º.- Proposta da Alcaldía respecto da periodicidade das sesións do Pleno e da Xunta de Goberno Local.

Dada conta da proposta de Alcaldía de data 10 de xullo actual.

Aberto debate, don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que as 20:00 horas para o pleno é pronto, debería ser ás 20:30 horas para facilitar a participación dos veciños.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, tamén apoia a proposta, iso motivado na tradición durante estes últimos anos e para facilitar o acceso dos veciños.

Don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PS de G-PSOE, contesta que están de acordo coa modificación no horario do pleno, e que teña lugar ás 20:30 horas en lugar de ás 20:00 horas.

Sometida a votación ordinaria a proposta de Alcaldía coa modificación no horario de celebración do pleno, votan a prol os sete concelleiros do grupo municipal do PS de G-PSOE, os sete concelleiros do grupo municipal do PP, os catro concelleiros do grupo municipal do BNG, os dous concelleiros do grupo municipal EU-IU, e o concelleiro do grupo mixto (PG).

A Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: As sesións ordinarias do Pleno da Corporación terán lugar o último xoves de cada mes, ás 20:30 horas. Se o citado día fora inhábil, terán lugar o seguinte día hábil á mesma hora.

Segundo: As sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local terán lugar os primeiros e terceiros martes de cada mes, ás 13:00 horas. Se o citado día fora inhábil, terá lugar o seguinte día hábil á mesma hora.

4º.- Proposta de Alcaldía respecto da creación e composición das comisións informativas permanentes, da Comisión Especial de Contas e das comisións informativas especiais.

Dada conta da proposta de Alcaldía de data 10 de xullo actual.

Aberto debate, concédese a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do PP, quen manifesta que están a prol da proposta pois practicamente son as mesmas comisións que na pasada lexislatura, polo que non teñen nada que obxectar.

A continuación, concédese a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, que comeza a súa exposición dicindo que van debater o punto máis importante da orde do día, incluso máis que o punto relativo ás retribucións, pois aquí se debate a estrutura da que se dota a Corporación para exercer as funcións executivas de goberno e fiscalización, e resulta que un grupo que está en minoría fai unha proposta unilateral sen ter a cortesía de ter consensuado a estrutura dos órganos municipais, e é máis sorprendente que haxa grupos da Corporación que aproben esta estrutura, que non é a mesma que existiu na pasada lexislatura pois antes había catro comisións informativas ordinarias e agora son tres, e as áreas estaban vinculadas á estrutura que tiña o executivo, é dicir, as áreas de funcionamento correspondíanse coas comisións informativas, en cambio, esta proposta, se se analiza, está feita para facilitar o traballo a un goberno en minoría, aínda que ao mellor de hoxe resulta que vai ser un goberno estable. O que se está facendo é reducir os dereitos dos grupos políticos, pois agora os grupos municipais teñen dereito a formular tres rogos e tres preguntas; que iso en matemáticas son nove rogos e nove preguntas por mes, cando antes eran máis, eran seis rogos e seis preguntas por comisión.

Segue dicindo que tamén agora as comisións deberían estar en relación coa estrutura municipal, pois estase dividindo as áreas de goberno en sete, e o lóxico é solicitar que se modifique a proposta de Alcaldía e que as comisións informativas sexan sete.

Manifesta que practicamente co único que están de acordo é co horario, dado que as comisións informativas son para debate interno dos membros da Corporación, polo que non teñen problema en que se manteña o horario.

Tamén consideran que é unha proposta inconcreta, indefinida, e gustaríalles saber onde se van tratar algúns temas como a terceira idade, o voluntariado, sanidade, contratación e normalización lingüística.

Respecto do calendario, tamén hai modificación respecto do funcionamento na pasada lexislatura, en que se facilitaba o calendario á oposición o venres para o xoves seguinte. Se se ten en conta que os expedientes do pleno adoitan estar incompletos, van ter como primeiro día hábil para velos o luns, e só teñen para consultar os expedientes o sábado e o luns, polo que propoñen que se manteña para as comisións informativas a mesma xornada.

En canto ás comisións informativas especiais están de acordo, pero van a propoñer unha máis que consideran importante, denominada Comisión de Participación Cidadá, Información e Comunicación, co obxecto de elaborar o Regulamento de participación cidadá e tratar os medios de comunicación do concello. Ademais, a proposta de Alcaldía é incompleta, pois non se sabe cando se van convocar, polo que solicitan que se engada que as comisións informativas non permanentes se constitúan no prazo máximo dun mes, cunha reunión mensual, o luns da segunda semana do mes, ás 20:00 horas.

Conclúe dicindo que se se admiten todas as modificacións propostas, votarán a prol, pois estas modificacións van redundar en facilitar o traballo de fiscalización e control da oposición. Non obstante, tamén consideran que este asunto se podería consensuar, polo que propoñen tamén que se retire da orde do día para traer unha proposta conxunta consensuada.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que valora a creación das dúas comisións informativas especiais, pois son necesarias, e tamén pensan que utilizar o voto ponderado as fai máis operativas no traballo,

ademais de levar consigo unha redución nos gastos, non obstante, propón que se acepte a proposta de deixar o asunto sobre a mesa para poder chegar a un acordo máis obxectivo.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, do grupo mixto, manifesta que comparte practicamente o manifestado polo BNG. Engade que tivo pouco tempo para preparar o pleno pois estivo organizando a romaría de San Benito, polo que a documentación leuna hoxe, pero efectivamente bota en falta algúns temas que son importantes. As comisións informativas deben ampliarse para que todos os grupos poidan ter información suficiente e evitar outros problemas. Conclúe dicindo que subscribe totalmente o manifestado polo BNG.

A continuación concédese a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PS de G-PSOE quen, en relación co alegado polo voceiro do BNG, contesta que o único obxectivo que se persegue con que sexan tres as comisións informativas permanentes, é facilitar a operatividade de funcionamento do conxunto do concello. Nas comisións que se propoñen están todos os asuntos, e se non se enumeran na denominación que figura na proposta é precisamente para que esa denominación non sexa excesivamente longa. Tamén é certo que na última comisión informativa se pode ampliar a súa denominación coas dous ou tres melloras propostas polo BNG, pero non se trata de eliminar nin rebaixar, por exemplo, o tema da normalización lingüística.

En canto ao día, non hai problema en que sexa o martes en lugar do luns, e en canto á creación dunha nova comisión, tamén poden chegar a un acordo sen ningún problema.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do PP, manifesta que o importante non é que sexan tres ou catro as comisións informativas, senón que o funcionamento siga sendo o mesmo, e que aínda que sexan tres comisións informativas, nelas se engloben todas as materias que conteñan as comisións informativas que existiron ata o momento, e como a responsabilidade de propoñelas é do Sr. alcalde, pois que asuma esa responsabilidade, e a responsabilidade do PP é esixir que funcionen e fiscalizar todos os asuntos que se sometan ao seu ditame, como se organice ou estructure o concello será responsabilidade do partido político máis votado.

En canto a que se limite ou non a presentación de rogos e preguntas dille ao voceiro do BNG que pouco se lembra de cando o PP presentaba máis de seis rogos e máis de

seis preguntas e non lles contestaban, polo que lle parece que o que ata agora foi a norma, agora resulta que é antidemocrático.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, comeza dicindo que felicita ao goberno en maioría e estable do Concello de Cambre, pois é lexítimo, e non ten nada que dicir porque pensa que é mellor que haxa un goberno forte de sete máis sete, que non en minoría de sete, aínda que considera que é unha pena que non se teña feito o pacto dunha forma transparente, pero está dentro da lexitimidade democrática.

En canto ao resto das manifestacións, di que é mentira xa que o PP tivo todos os instrumentos necesarios para traballar e utilizounos como quixo.

Respecto do manifestado por don Luis Taibo Casás, dalle a razón en parte, pero en canto ao voto ponderado, reduce e limita a participación dos grupos municipais, e sempre queda un concelleiro fóra pois son catro os concelleiros do BNG. Tamén se prexudica ao PP pois dos sete concelleiros, catro van quedar fóra das comisións informativas. É certo que os que non formen parte das comisións informativas poderán asistir, e que como se reúnen todas as comisións informativas de xeito simultáneo poderán escoitar todo o que se trate, pero a diferenza é que os titulares son uns e non outros, pois os titulares son os que se nomean para o efecto, e só un terá dereito a intervir, e se as comisións informativas son só tres rebáixase máis a participación. O goberno debe facilitar o traballo da oposición e se se reduce a posibilidade de interpelación, de facer preguntas, etc., como se pode entender que non se limiten os dereitos dos grupos.

Conclúe dicindo que solicitan se retire o asunto da orde do día e, en caso contrario, van votar en contra.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que non están de acordo se do que se trata é de furtar aos grupos a posibilidade de presentar rogos e preguntas no pleno e nas comisións informativas, aínda que tamén recoñecen que non se deben saturar eses órganos, polo que non teñen inconveniente en sentarse cos demais grupos políticos e falar deste tema.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, manifesta que lle sorprende a defensa a morte que fai o PP, porque non cre que sexa o xefe da oposición, polo menos, non del, e non se sente representado por el.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo que, pola mesma razón que don Xabier estima que hai unha presunta maioría, tamén el estima que o BNG ten nas súas filas a don Manuel Marante. Polo demais, entende que a participación dos grupos nas comisións informativas está garantizada, pois o voto será consensuado por cada grupo e poden participar todos. Outra cousa é o voto, que segundo o Regulamento orgánico municipal pode ser ponderado. A democracia interna está garantizada con esta proposta.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde, contesta a don Manuel Marante que se ratifica no dito, é o xefe da oposición pois suman sete concelleiros, e durante estes catro anos van exercer unha oposición seria e construtiva, e van apoiar as propostas que consideren beneficiosas para Cambre tanto se as propón o PS de G-PSOE, o BNG, EU-IU ou o PG.

En canto ao manifestado por don Henrique Xabier Iglesias, contesta que non responsabilice ao PP de que o BNG non teña pactado co PS de G-PSOE. O Sr. alcalde e don Xabier saberán porque non pactaron, dado que si se reuniron, e o PP non pode responsabilizarse da ineficacia das negociacións.

Don Antón Otero Domínguez, do BNG, toma a palabra e contesta a don José Antonio Baamonde que el non ten xefe da oposición, ao que don Henrique Xabier Iglesias engade que está ben a figura do xefe da oposición, pero se quere que teña esa formalidade haberá que modificar o Regulamento orgánico municipal para que haxa un xefe da oposición como en Coruña, pero por agora en Cambre non existe, polo que don José Antonio Baamonde é o voceiro do grupo maioritario da oposición, pero non o xefe da oposición.

O Sr. presidente dá por concluído o debate e somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía coas seguintes modificacións: no apartado 1º da parte dispositiva, a comisión informativa incluída na letra c) denominarase Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá; no apartado 3º as sesións ordinarias terán lugar o martes en lugar do luns; e no apartado 5º engádese unha comisión informativa coa letra c) que se denominará Comisión Informativa Especial de Participación Cidadá, Comunicación e Información, co obxectivo fundamental de elaborar o Regulamento de Participación Cidadá. Votan a prol os sete concelleiros do PS de G-PSOE, abstéñense os sete concelleiros do PP, e votan en contra os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do grupo mixto (PG), polo que resulta aprobada co voto de calidade do Sr. presidente.

A Corporación, por sete votos a prol, acordou:

Primeiro: Crear tres comisións informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, coa seguinte denominación:

A) Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica.

B) Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos.

C) Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá.

Segundo: Cada unha delas estará constituída por cinco membros, un por cada grupo político representado na Corporación, aplicándose o sistema de voto ponderado.

Terceiro: As comisións informativas permanentes reuniranse en sesión ordinaria o martes anterior ao día que teña lugar o pleno ordinario, ás 20:00 horas. Se o citado día fora inhábil, terán lugar o seguinte día hábil á mesma hora.

Cuarto: Crear a Comisión Especial de Contas, que estará constituída por cinco membros, un por cada grupo político representado na Corporación, aplicándose o sistema de voto ponderado.

Quinto: Crear tres comisións informativas especiais coa denominación que a continuación se expresa, para estudo e informe dos citados asuntos específicos:

A) Comisión Informativa Especial para o AVE.

B) Comisión Informativa Especial para o Plan Xeral de Ordenación Municipal.

C) Comisión Informativa Especial de Participación Cidadá, Comunicación e Información.

Sexto: Cada unha delas estará constituída por cinco membros, un por cada grupo político representado na Corporación, aplicándose o sistema de voto ponderado.

5º.- Coñecemento das resolucións de Alcaldía en materia de: membros da Xunta de Goberno Local, nomeamento de tenentes de alcalde e delegacións de atribucións pola Alcaldía en membros da Xunta de Goberno Local.

Os Sres. concelleiros danse por informados das Resolucións de Alcaldía de data 10 do actual, que se transcriben literalmente a continuación:

A) Resolución nº 1090/2007 de nomeamento de concelleiros como membros da Xunta de Goberno Local:

“O artigo 20.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e o artigo 59.2.b) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, establecen que existirá a Xunta de Goberno Local en todos os municipios cunha poboación de dereito superior a 5.000 habitantes.

O artigo 65.1 da Lei 5/1997 e artigos 68 e 69 do Regulamento orgánico municipal, establecen que a Xunta de Goberno Local estará integrada polo alcalde e un número de concelleiros non superior ao terzo do número legal deles, nomeados ou separados libremente polo alcalde.

Facendo uso da citada atribución, resolvo:

Primeiro: Designar como membros da Xunta de Goberno Local aos concelleiros que a seguir se relacionan:

- Don Francisco Javier Varela Tejedor.
- Don Jaime Manuel López Lisnier.
- Dona Erundina Prado Arcay.
- Dona Carmen Tato Lago.
- Don José Venancio Salcines Cristal.
- Dona Maria Beatriz Ramos Padin.

Segundo: En virtude do establecido no artigo 65.1. da Lei 5/1997 e artigos 41.d) e 69.2 do Regulamento orgánico municipal, comuníquese esta resolución ao Pleno na

vindeira sesión que teña lugar, notifíquese persoalmente aos designados aos efectos da súa aceptación, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia.”

B) Resolución nº 1091/2007 de nomeamento de tenentes de alcalde:

“O artigo 20.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e o artigo 59.2.a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, establecen que os tenentes de alcalde existirán en todos os concellos.

Os artigos 61.2 e 62 da Lei 5/1997 e artigo 58 do Regulamento orgánico municipal, establecen que corresponde ao alcalde o nomeamento dos tenentes de alcalde de entre os membros da Xunta de Goberno Local.

Facendo uso da citada atribución, resolvo:

Primeiro: Designar tenentes de alcalde aos concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local e segundo a orde que a seguir se relaciona:

- 1º.-Don Francisco Javier Varela Tejedor.
- 2º- Don Jaime Manuel López Lisnier.
- 3º- Dona Erundina Prado Arcay.
- 4º- Dona Carmen Tato Lago.
- 5º- Don José Venancio Salcines Cristal.
- 6º- Dona Maria Beatriz Ramos Padín.

Segundo: A teor do establecido no artigo 63 da Lei 5/1997 e artigo 60 do Regulamento orgánico municipal, correspóndelles aos tenentes de alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, ao alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para exercer as súas atribucións, así como desempeñar as funcións do alcalde nos supostos de vacante na alcaldía ata que tome posesión o novo alcalde.

Terceiro: De conformidade co establecido nos artigos 41.d) e 58.3 do Regulamento orgánico municipal, comuníquese esta resolución ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar, notifíquese persoalmente aos designados aos efectos da súa aceptación, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia.”

C) Resolución nº 1092/2007 de delegación de atribucións da Alcaldía nos membros da Xunta de Goberno Local:

“Os artigos 21.3 e 23.4. da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 61.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e 47 e seguintes do Regulamento orgánico municipal, establecen que o alcalde pode delegar o exercicio de determinadas atribucións mediante delegacións xenéricas a prol dos membros da Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta a Resolución desta Alcaldía de data 9 de xullo do ano que andamos respecto da estrutura da organización municipal, denominación e ámbito material das áreas de goberno.

Tendo en conta que segundo establece o artigo 61.4 da Lei 5/1997 e artigo 50 do Regulamento orgánico municipal, o acordo de delegación determinará o ámbito dos asuntos a que se refire a delegación, as facultades ou potestades que se deleguen, así como as condicións específicas do exercicio delas.

Facendo uso da citada atribución, resolvo:

Primeiro: Conferir delegacións xenéricas a prol dos tenentes de alcalde que a seguir se relacionan, para as áreas que igualmente se sinalan, integradas polos servizos e actividades municipais relativos ás materias reflectidas na Resolución desta Alcaldía de data 9 de xullo do ano que andamos:

- 1º tenente de alcalde don Francisco Javier Varela Tejedor, a delegación da área de Presidencia, Planificación e Réxime Interior.
- 2º tenente de alcalde don Jaime Manuel López Lisnier, a delegación da área de Educación, Xuventude e Deportes.
- 3º tenente de alcalde dona Erundina Prado Arcay, a delegación da área de Cultura e Turismo.
- 4º tenente de alcalde dona Carmen Tato Lago, a delegación da área de Asuntos Sociais, Igualdade e Participación Cidadá.
- 5º tenente de alcalde don José Venancio Salcines Cristal, a delegación da área de Facenda, Comercio e Emprego.
- 6º tenente de alcalde dona Maria Beatriz Ramos Padín, a delegación da área de Medio Ambiente, Obras e Servizos.

Adscríbese á Alcaldía os servizos e actividades relativos ás materias recollidas dentro da denominada área de Alcaldía.

Segundo: De conformidade co establecido no artigo 48 do Regulamento orgánico municipal, as delegacións xenéricas a prol dos tenentes de alcalde, e respecto da súa área, enténdense conferidas como a delegación do exercicio das competencias que a esta Alcaldía lle son atribuídas e que poden ser delegadas a teor do establecido no artigo 21.1 e 3. da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, incluíndo a facultade de dirixir os servizos contidos en cada área, a facultade de xestionalos en xeral, así como a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

A Alcaldía conserva as facultades de tutela que se transcriben a seguir:

- a) A de recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos ou disposicións enumerados en virtude da delegación.
- b) A de ser informado previamente a que se adopten decisións de trascendencia.
- c) O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a resolución dos recursos de reposición que se poidan interpoñer.

Terceiro: A teor do establecido no artigo 50.2 do Regulamento orgánico municipal, publíquese este decreto no Boletín Oficial da Provincia, comuníquese ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar e notifíquese persoalmente aos delegados aos efectos da súa aceptación.”

6º.- Proposta de Alcaldía respecto do nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados.

Dada conta da proposta de Alcaldía de data 10 de xullo actual.

Aberto debate, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro de BNG, manifesta que se van abster pero, engade, é unha abstención na que non teñen nada que dicir respecto da proposta, mantendo a coherencia do que sempre pensaron neste suposto, pois consideran que é unha responsabilidade unicamente do goberno municipal.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, expón que tamén se van abster, pois non son quen para dicir quen ten que ir aos distintos órganos colexiados, será co tempo cando poidan determinar se foi correcta a elección.

Don José Antonio Baamonde, voceiro do PP, manifesta que está de acordo coas exposicións anteriores.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PS de G-PSOE e abstéñense os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do grupo mixto (PG).

A Corporación, por sete votos a prol, acordou:

Primeiro: Nomear representante do Concello na Mancomunidade de Municipios da área da Coruña ao alcalde don Antonio Varela Saavedra, e como suplente a don Francisco Javier Varela Tejedor.

Segundo: Nomear representante do Concello no Consorcio das Mariñas ao alcalde don Antonio Varela Saavedra, e como suplente a dona Carmen Tato Lago.

Terceiro: Nomear representante do Concello no Consello Escolar Municipal a don Jaime Manuel López Lisnier.

Cuarto: Nomear representante do Concello nos consellos escolares aos concelleiros que a continuación se relacionan, para os centros que igualmente se indican:

- Escolas de educación infantil de Cecebre, Pravio e Bribes, a don José Venancio Salcines Cristal.

- Escola de educación infantil de Aián (Sigrás), a dona Erundina Prado Arcay.

- Centros de educación infantil e primaria Graxal II (Graxal – O Temple) e Portofaro (O Temple), a dona María Beatriz Ramos Padín.

- Centro de educación infantil e primaria Emilio González López (Brexo), a dona Erundina Prado Arcay.

- Centros de educación infantil e primaria Gonzalo Torrente Ballester (Sigrás) e Wenceslao Fernández Flórez (Cambre), a don Jaime Manuel López Lisnier.

- Institutos de educación secundaria obrigatoria Alfonso X El Sabio (A Barcala-Cambre) e David Buján (Sigrás), a don Jaime Manuel López Lisnier.

Quinto: Nomear representante do Concello na Comisión de Escolarización, curso 2007-2008 a don Jaime Manuel López Lisnier.

Sexto: Nomear representante do Concello na Fundación Wenceslao Fernández Flórez a dona Erundina Prado Arcay.

7º.- Proposta de Alcaldía para constituír como órgano complementario a Xunta de Voceiros.

Dada conta da proposta de Alcaldía de data 10 de xullo actual.

Aberto debate, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que lamentan que non se lles consultara, pois podían ter dado a súa opinión, e así formula proposta para que se modifique o horario e o día. Neste sentido, se a convocatoria do pleno é para o último xoves de mes e a Xunta de Voceiros se reúne o luns anterior ao venres en que se fai a convocatoria, non se poderá asesorar ao alcalde entre outras cousas porque moitas veces ata o propio venres en que se fai a convocatoria non sabe o Sr. alcalde o que se pode incluír na orde do día, polo que a Xunta de Voceiros debería aproximarse máis á convocatoria do pleno e reunirse o xoves anterior á convocatoria, como se viña facendo ata agora. Tamén propondría que en vez de ser ás 14:00 fora ás 13:00 horas.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, engade que o que debe buscarse é que a Xunta de Voceiros sexa o máis efectiva posible, polo demais, non ten experiencia ao respecto.

Don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PS de G-PSOE, contesta que esta proposta se fixo pensando nun goberno en minoría, porque para chegar a un acordo en cada caso, é necesario dispoñer de máis tempo para facilitar a posibilidade de chegar a acordos, aos que están abertos.

Don José Antonio Baamonde López, voceiro do PP, manifesta que o adianto duns días ven ben a todos os grupos para incluír temas que poden interesar, tamén para consensuar mocións. Consideran que é o mesmo que a reunión sexa o luns ou o martes, pero si anterior á convocatoria e en canto ao horario, propón que se manteñan as 14:00 horas, como na pasada lexislatura.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que se ao voceiro do PP lle ven mellor ás dúas que non ten ningún inconveniente. Polo demais, o pleno non o convoca a Xunta de Voceiros e a orde do día tampouco a pon a Xunta de Voceiros, senón que o que fai é asesorar ao alcalde.

Segue dicindo que entenden que un goberno en minoría necesita consensuar cousas coa oposición, pero tamén o alcalde ten a potestade de convocar unha reunión da Xunta de Voceiros en calquera momento. Aquí do que se fala é da sesión ordinaria e os asuntos que van ao pleno chegan cando se fai a convocatoria ou o día anterior, non días antes.

Conclúe dicindo que retiran a proposta de que a Xunta de Voceiros teña lugar ás trece horas, pero manteñen a proposta de que sexa o xoves.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, pide aos demais grupos que se poñan de acordo, pois son os que teñen a experiencia co funcionamento da Xunta de Voceiros na pasada lexislatura.

Don Francisco Javier Varela Tejedor, do PS de G-PSOE, contesta que gobernar en minoría vai esixir máis diálogo e acordos, e necesitan máis tempo para iso, polo que propoñen que se aprobe tal e como está formulada a proposta de Alcaldía.

Sometida a proposta de Alcaldía a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PS de G-PSOE e os sete concelleiros do PP, abstéñense os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do Grupo Mixto (PG), e votan en contra os catro concelleiros do BNG.

A Corporación, por catorce votos a prol, acordou:

Primeiro: Constituír, como órgano complementario do Concello de Cambre, a Xunta de Voceiros, que estará integrada e terá as atribucións que se establecen no artigo 89 do Regulamento orgánico municipal.

Segundo: Reunirse, en sesión ordinaria, o luns da semana anterior á realización das comisións informativas e pleno, ás 14:00 horas. Se o citado día fose inhábil, a sesión terá lugar o seguinte día hábil á mesma hora. Estas sesións terán por obxecto, principalmente, asistir e asesorar ao alcalde na súa condición de presidente do Pleno, especialmente na confección da orde do día dos plenos, iso sen prexuízo de incluír outros asuntos, de conformidade co establecido no artigo 89.2 a) e b) do Regulamento orgánico municipal.

8º.- Proposta de Alcaldía respecto da determinación dos cargos da Corporación a desempeñar en réxime de dedicación exclusiva e parcial, as súas retribucións, así como fixación das contías a percibir en concepto de asistencias e indemnizacións.

Dada lectura á proposta de Alcaldía de data 10 de xullo actual.

Aberto debate, don José Antonio Baamonde López, voceiro do PP, solicita conste en acta integramente a súa intervención, para o que fai entrega do texto á secretaria da Corporación, texto que literalmente se transcribe a continuación:

“No pleno do 16 de xuño saíu elixido alcalde o Sr. Varela ao empatar en votos co candidato popular debido a ser a lista máis votada. Iso foi así porque os demais grupos municipais non apostaron por un cambio apoiando ao único candidato alternativo ao actual alcalde que era o candidato do PP, facilitando o acceso á Alcaldía do Sr. Varela.

O grupo popular entende que agora lle corresponde ao alcalde definir as áreas do seu goberno e a configuración do seu equipo. Dende logo non compartimos esta proposta e cáusanos sorpresa as súas seis medias dedicacións e que dita configuración do goberno socialista se teña realizado con criterios de eficacia.

Dubidamos como coordinarán as súas áreas os que teñen dedicación de tarde se o persoal ao seu cargo traballa de mañá, como e cando atenderán aos veciños, etc.

En calquera caso, a proposta non só non supón un incremento do gasto nesta partida, pola contra, supón un aforro orzamentario con respecto ao gasto que por este concepto se veu realizando durante os últimos catro anos de goberno do PSOE-BNG.

Polo exposto, o noso voto non pode ser favorable a esta proposta e optaremos pola abstención como exercicio de responsabilidade para que non siga máis tempo paralizada a xestión municipal.”

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, expón que era cantado que este punto fora apoiado polo PP, dado que non é necesario o voto favorable, pois vale coa abstención, pero o BNG non vai seguir por ese lado pois entenden que quen goberna ten que ter unha remuneración xusta, ten que gobernar en beneficio dos veciños de Cambre, por iso o asumen, e asumen que teñen que presentar unha proposta, e se non están en maioría necesitará acordos, pero eses acordos deben manifestarse, facerse públicos, e é lexítimo que reciban apoio.

Pero o problema que ten este punto, segue dicindo, é por cuestións técnicas que non teñen menos importancia, pois é o primeiro expediente que ven incompleto, pois os informes técnicos entregáronse onte a última hora da mañá.

Non obstante, cre que a proposta contaría co voto favorable se nela se incluía a dedicación exclusiva do alcalde e parte das dedicacións parciais, é dicir, excluindo as dedicacións parciais que se citan no informe da Secretaría e Intervención municipais, e segundo o cal hai tres concelleiros que son funcionarios públicos con dedicación exclusiva e agora van recibir outra retribución pública.

Nunha parte do citado informe fálase de que non se atoparon os límites para as retribucións, polo que non lles queda claro, e tampouco saben se esas disposicións ás que se alude son de aplicación a estes casos.

Noutra parte do informe dise que, segundo o artigo 1.3 da Lei de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, en calquera caso, o desempeño dun posto de traballo polo persoal incluído no ámbito de aplicación da citada lei será incompatible co exercicio de calquera cargo, profesión ou actividade, pública ou privada, que poida impedir ou menoscabar o estricto cumprimento dos seus deberes ou comprometer a súa imparcialidade ou independencia, polo que deduce que deben ser as Administracións onde traballan as que deben manifestarse e dicir se lles conceden a

compatibilidade. Cre que se ten empezado mal, e se trae ao pleno para votar algo que se se vota a prol e despois non se concede a compatibilidade, os que voten a prol teñen unha responsabilidade legal. Era mellor deixalo sobre a mesa e que os informes estiveran ben, xa que se debe aclarar polo ben de todos e polo dos veciños e veciñas de Cambre, e o axeitado é que os funcionarios que están nesta situación se manifesten.

Segue dicindo que o executivo debe estar ben pagado e que é unha proposta que non contaría co voto contrario do BNG, pero solicitan que se retire o expediente, pois dubidan da legalidade e da moralidade da proposta. Non dubidan que teñan dereito os concelleiros a cobrar, incluso hai unha redución da masa salarial, e non lles parece mal se hai un incremento das dedicacións parciais, que pasan de 21.800 a 25.000 euros, parécelles ben, pero parécelles incoherente que as asistencias aos órganos colexiados se reduzan á metade, non pasa nada, pero cando se utilizan argumentos de aforro, habería que utilizalos igual nas dedicacións, seguen na mesma liña de non favorecer o labor da oposición, é unha proposta incoherente e inédita, e parécelles ilóxico que conte co favor dos demais grupos políticos. O expediente estaba incompleto e solicitan se retire.

Neste momento o Sr. alcalde pide á secretaria e á interventora que, ante as dúbidas formuladas, aclaren o contido do informe emitido.

Por parte da secretaria da Corporación maniféstase que, en primeiro lugar, é certo que se lles entregou o informe onte ás trece horas, pero tampouco se lles deu tempo para elaboralo, así llo dixeron ao Sr. alcalde e contestoulles que tiña adquirido un compromiso cos voceiros dos grupos municipais para ter o pleno este venres, polo que o mércores pola tarde, xunto coa interventora, e como consta no reloxo de entrada, viñeron para preparar o informe que lles foi entregado no día de onte.

En canto ao contido do informe e ás dúbidas que se formulan, polo concelleiro faise referencia ao establecido no artigo 1.3 da Lei de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas para concluír que son as Administracións onde traballan os concelleiros aos que se recoñece o cargo con dedicación parcial as que teñen que conceder a compatibilidade, polo que se ten empezado mal e non debería traerse o asunto ao pleno ata que se recoñecese a compatibilidade, pero é que esas Administracións teñen que ter previamente o acordo do Pleno da Corporación de Cambre, como órgano competente, onde se estableza a retribución e o réxime de dedicación mínima necesaria para percibir esas retribucións, e mentres non dispoñan dese acordo do Pleno da Corporación, non poden adoptar ningunha resolución ao respecto.

En canto a que non lles queda claro se as disposicións ás que se alude no informe son de aplicación aos supostos dos concelleiros que son funcionarios públicos e dubidan da legalidade dos acordos que se propoñen, como funcionaria informante non ten nada máis que engadir, tanto na proposta da Alcaldía como no informe faise constar a lexislación aplicable e se a lei permite que os membros das corporacións locais que sexan persoal das administracións públicas poidan percibir retribucións pola dedicación parcial ás súas funcións fóra da súa xornada nos centros de traballo, o informe debe ser favorable, pois trátase de recoñecer un dereito existente cumprindo uns determinados requisitos, outra cousa é que, aínda o manifestado, sigan tendo dúbidas sobre se se aplicaron correctamente as disposicións legais, entón o que poden facer é solicitar un informe externo para o efecto.

Por parte da Sra. interventora, en canto ás dúbidas que se formulan pola non existencia de norma que estableza a contía máxima das retribucións parciais, ratifícase no exposto no informe, e expón que neste momento consideran importante deixar claro a necesidade do acordo de compatibilidade das outras administracións.

Don Henrique Xabier Iglesias contesta que hai uns límites na Lei de incompatibilidades para autorizar a compatibilidade, e a Sra. interventora responde que esa é unha cuestión que corresponde examinar á Administración que deba autorizar a compatibilidade.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, expón que xa no programa electoral se comprometían a recurtar gastos en canto a asistencias a plenos e a comisións informativas, polo que senten discrepar co BNG por canto manifestaron non estar de acordo nesa rebaixa.

Segue dicindo que están en contra dos salarios que se propoñen como dedicación parcial, que o que fan é enmascarar unha dedicación exclusiva pois son as dedicacións parciais máis elevadas da área metropolitana. Ademais, engade, hai concelleiros que xa cobran outros soldos e agora van cobrar outra dedicación exclusiva encuberta, son concelleiros que van vir polas tardes, cando os veciños están acostumados a vir polas mañás, o que dá lugar a establecer distintos horarios que irá en detrimento dos veciños e veciñas de Cambre, de aí que vaia aumentando a abstención cada vez máis como se comprobou nos últimos procesos electorais, polo que o seu grupo non pode apoiar esta proposta e queren facer unha emenda no sentido de que a dedicación exclusiva e as parciais se manteñan na mesma contía en que estaban ata agora pois Cambre non pode soportar máis cargas de

salarios, existe un desbaratamento que hai que atallar, e non entenden que se fai un mes as dedicacións parciais eran de 21.000 euros, agora pasen a ser de 25.000. O seu grupo non o entende, e cren que tampouco o entenden os miles e miles de traballadores e universitarios cuns salarios que se ven incrementados co IPC.

Conclúe que votan en contra da proposta se non se manteñen as cantidades por dedicación exclusiva e parcial da anterior lexislatura.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, do Grupo Mixto (PG), expón que sería mellor deixar o asunto sobre a mesa e reunir á Xunta de Voceiros para tratar o tema con máis cautela, polo que propón convocar a Xunta de Voceiros o antes posible e tratar o tema con máis rigor pois considera que estes temas non encaixan cun goberno en minoría.

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor, do PS de G-PSOE, contesta a don Manuel Marante Gómez, en canto fala de rigor, que o disparate é dicir que non lle deu tempo a estudar os temas incluídos na orde do día do pleno por estar nunha festa, aínda que lle parece respectable.

Ao voceiro do BNG, contéstalle que non é técnico, polo tanto non ten ningunha responsabilidade en canto á legalidade, pois se remiten ao informe emitido polas habilitadas nacionais, e que a posibilidade de poder seguir como concelleiros a teñen incluso aínda que se declare a incompatibilidade, pero se fora así dispoñen de prazo para decidir ao respecto.

En canto ao horario, a lei fala de dedicación mínima, non máxima, ademais de ter en conta que non se trata só de catro horas, senón que tamén van necesitar as que esixa a delegación de competencias. Por outro lado, en canto aos horarios de tarde, considera que politicamente se está a facilitar o labor de conexión cos cidadáns.

Solicita a palabra don Manuel Marante Gómez, voceiro do Grupo Mixto (PG), quen, por alusións, contesta a don Francisco Javier Varela que non ven dunha festa de pasalo ben, senón de organizala e que non sabe como se fai no concello onde traballa don Francisco Javier pero aquí en Cambre si se sabe como se ven facendo dende hai anos, e el o que está a facer é traballar na organización da romaría para que saia o mellor posible, como en anos anteriores.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do PP, manifesta que a súa resposta vale para todo o manifestado ata agora polos distintos voceiros, no sentido de que se ratifica en que é o alcalde o que ten que facer a proposta ao Pleno e é o responsable da citada proposta, despois o tempo dirá se os concelleiros son competentes e traballan o suficiente para cobrar as retribucións que se lles asignan, iso xa se verá, pero non admite leccións de moralidade de ninguén pois ata agora había catro dedicacións exclusivas e tres parciais que custaban ao concello 272.000 € sen contar as xuntas de coordinación, xuntas de goberno local e outras asistencias que se sacaban da manga para que o resto dos concelleiros cobraran unha cantidade considerable, é dicir estíbese falando ata agora de 300.000 € máis outros 30.000 por asistencias, etc., e agora redúcese en 100.000 € polo que neste momento do que se debería falar é de que se traballe, non de se as dedicacións son altas ou baixas. En canto ás cantidades por asistencias, están de acordo coa rebaixa, pois eles non veñen aquí a vivir da política e a cobrar 210 euros por dez minutos de pleno, e dille a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo que iso debe explicaselo aos veciños.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias, expón que é curioso como ao final non só se nota que hai un pacto de feito co PP, e en canto ao PS de G-PSOE, felicítalle porque entre as intervencións técnicas e políticas ten os mellores argumentos para a defensa das súas propostas.

Segue a dicir que lles parece curioso que a oposición se exerza contra o BNG cando o normal é que se exerza contra o goberno, non contra a oposición. El non falou de cantidades, parécelles que o que había era suficiente, pero se se incrementa non lles preocupa se van traballar, despois xa fiscalizarán e farán contas.

En canto ao PP, di que agora falan do que cobraban os que estaban no goberno, pero non se lembran do que cobraban eles por dez minutos e non devolveu as cantidades, xa que se din que se dedican á política por vocación pregunta por que non devolveu o que cobraba, supón que a retribución como deputado provincial que vai cobrar a devolverá á Deputación ou daraa a unha ONG.

Don José Antonio Baamonde López contesta que o que cobraban os concelleiros ía destinado a financiar ao partido xa que o BNG pactou uns soldos e non deron nada aos grupos políticos, polo que o diñeiro que cobraban foi para gastos do partido, e conclúe que o PP non fixo ningún pacto con ningún partido nin o vai facer.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que leva oíndo a palabra pacto catro ou cinco veces e considera que non é o momento nin o lugar para falar de pactos, e ao BNG contéstalle que é lamentable que non lle preocupe o incremento das retribucións dos concelleiros, a el si lle preocupan pois EU-IU está en contra dos políticos profesionais e as retribucións de 25.000 €son esaxeradas, tendo en conta, ademais, as persoas que as van cobrar.

Conclúe que habería que asignar unhas retribucións, pero dun xeito racionalizado e que se deixe de falar de pactos para outro momento.

O Sr. presidente dá por concluído o debate e somete a votación ordinaria a proposta de Alcaldía. Votan a prol os sete concelleiros do PS de G-PSOE, abstéñense os sete concelleiros do PP e votan en contra os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU, e o concelleiro do Grupo Mixto (PG), polo que resulta aprobada a proposta co voto de calidade do Sr. alcalde.

Así pois, a Corporación, por sete votos a prol, acordou:

Primeiro: O cargo de alcalde do Concello de Cambre será desempeñado con dedicación exclusiva, cunha retribución anual bruta de 55.315,76 €

Segundo: Os cargos de delegados das áreas de goberno municipal que a continuación se relacionan exerceranse con dedicación parcial, cunha dedicación mínima de catro horas diarias, de luns a venres, segundo se especifica a continuación, e cunha retribución bruta anual de 25.000 €

- Concelleiro delegado da área de Presidencia, Planificación e Réxime Interior, don Francisco Javier Varela Tejedor. A dedicación será de 18 a 22 horas de luns a venres.

- Concelleiro delegado da área de Educación, Xuventude e Deportes, don Jaime Manuel López Lisnier. A dedicación será de 17 a 21 horas de luns a venres.

- Concelleira delegada da área de Cultura e Turismo, dona Erundina Prado Arcay. A dedicación será de 10 a 14 horas de luns a venres.

- Concelleira delegada da área de Asuntos Sociais, Igualdade e Participación Cidadá, dona Carmen Tato Lago. A dedicación será de 10 a 14 horas de luns a venres.

- Concelleiro delegado da área de Facenda, Comercio e Emprego, don José Venancio Salcines Cristal. A dedicación será de 17 a 19 horas os luns e xoves, de 8 a 14 horas os martes e mércores, e de 9 a 13 horas os venres.

- Concelleira delegada da área Medio Ambiente, Obras e Servizos, dona Maria Beatriz Ramos Padin. A dedicación será de 10 a 14 horas de luns a venres.

Terceiro: As retribucións dos concelleiros estarán suxeitas ás variacións que se fixen para o persoal das administracións públicas na Lei de orzamentos xerais do Estado.

Cuarto: Notificar os anteriores acordos a cada un dos cargos designados para os efectos de aceptación expresa, no seu caso, e posterior comunicación ao Pleno na seguinte sesión ordinaria, de conformidade co establecido no artigo 19 do Regulamento orgánico municipal, dando conta igualmente do cumprimento do establecido na Lei 53/1984, de 26 de decembro e, para tal efecto, comunicar o acordo ás administracións públicas nas que desempeñan a súa actividade principal os concelleiros delegados das áreas de Presidencia, Planificación e Réxime Interior; Educación, Xuventude e Deportes; e Facenda, Comercio e Emprego, para os efectos establecidos no artigo 5.2 da LIF, así como do artigo 3.1 e 1.3, respecto da necesidade de declaración de compatibilidade, e ao Instituto Nacional da Seguridade Social, respecto da retribución por dedicación parcial da concelleira delegada de Asuntos Sociais, Igualdade e Participación Cidadá.

Quinto: As cantidades a percibir en concepto de asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados serán:

- Plenos:125,00 euros
- Comisións Informativas: 75,00 euros
- Xunta de Voceiros:..... 75,00 euros

A asistencia a varias sesións do Pleno, Comisións Informativas ou Xuntas de Voceiros que teñan lugar nun mesmo día, computaranse como unha soa asistencia.

Sexto: Publicar os anteriores acordos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación, de conformidade co establecido no art. 75.5 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

9º.- Proposta de Alcaldía de asignación dunha dotación económica aos grupos políticos municipais.

Dada lectura á proposta de Alcaldía de data 10 de xullo actual.

Aberto debate, don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PS de G-PSOE, expón que coa asignación proposta se pretende facilitar o funcionamento interno dos grupos políticos municipais, é dicir, consideran que as asignacións deben adecuarse á realidade do traballo interno de cada grupo.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do PP, solicita que conste en acta a súa intervención, para o que fai entrega dela á secretaria municipal, e que se transcribe literalmente a continuación:

“A realidade plural resultante das urnas, esixe que se dote aos distintos grupos municipais de medios para desenvolver a súa tarefa. Valoramos positivamente a proposta dado que supón unha mellora notable en relación co percibido en anos anteriores e destinada á totalidade dos grupos coa lóxica proporcionalidade en función ao seu tamaño.

O noso voto vai ser a prol.”

Conclúe dicindo que por primeira vez os grupos municipais van ter unha dotación para exercer as súas funcións, dotación que vai recibirse dun xeito máis transparente, coa correspondente xustificación de gastos.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, expón que están de acordo coa filosofía de que os grupos municipais teñan unha asignación para traballar, aínda que ven que sumando estas asignacións ás retribucións dos concelleiros non se produce o aforro ao que se estivo aludindo anteriormente.

Segue a dicir que botan en falta un informe, pois na proposta se alude a que as asignacións estarán dentro dos limietes que se establezan nas leis de orzamentos do Estado e alúdese a uns límites en canto ao obxecto, polo que non saben se a proposta entra en

contradición. Teñen dúbidas sobre se a normativa marca unhas limitacións para que non se confunda coa financiación dos partidos políticos, tanto pagando persoal como gastos electorais, por iso, sen estar en desacordo coa proposta, agradecerían un informe para saber en que e como se poden gastar as asignacións, como se vai fiscalizar, etc.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, expón que están de acordo en que se asignen unhas cantidades aos grupos políticos e, ademais, están de acordo en que sexa en detrimento das asistencias, se ben é certo que dado que o artigo 73.3 da Lei 7/1985, non di nada respecto do destino concreto da asignación e tampouco na base cuadraxésima terceira do orzamento, propón que se elimine da proposta a alusión concreta do destino da asignación para material e persoal.

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PS de G-PSOE, contesta que a fiscalización das asignacións se levará a cabo polos órganos de fiscalización municipais e polo Consello de Contas de Galicia, e cren que se as habilitadas nacionais non emitiron informe é porque consideran que a proposta está dentro da lei.

O Sr. alcalde dá por concluído o debate e somete a votación ordinaria a proposta. Votan a prol os sete concelleiros do PS de G-PSOE, os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros de EU-IU, abstense o concelleiro do Grupo Mixto (PG), e votan en contra os catro concelleiros do BNG.

A Corporación, por dezaseis votos a prol, acordou:

Primeiro: Asignar a cada grupo político que compón a Corporación unha dotación económica de carácter fixo e idéntica para todos os grupos, por importe de 1.200 € por ano, co fin de colaborar nos gastos de material.

Segundo: Asignar a cada grupo político que compón a Corporación unha dotación económica en función do número de membros de cada grupo, polos importes e para os conceptos seguintes:

- para colaborar nos gastos de material, 1.200 € por ano e por cada membro do grupo.
- para colaborar nos gastos de persoal dos grupos políticos, en contía proporcional ao número de concelleiros de cada grupo, coa seguinte distribución:

PS de G-PSOE (7 concelleiros):	21.000 €/ano
PP (7 concelleiros):	21.000 €/ano
BNG (4 concelleiros):	12.000 €/ano
EU-IU (2 concelleiros):	6.000 €/ano
PG (1 concelleiro):	3.000 €/ano

Terceiro: As dotacións económicas tanto a de compoñente fixo como a de compoñente variable, aboaranse a cada grupo político semestralmente.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as catorce horas e cincuenta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Asdo: Antonio Varela Saavedra

Asdo: M^a Luisa de la Red Ampudia